

Roteiro didáctico

OS IRMÁNS ISLA COUTO EN COMPOSTELA



A edición deste roteiro didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

EDICIÓN, SELECCIÓN DE TEXTOS E DOCUMENTALISMO: Xosé Luís Pastoriza Rozas

FOTOGRAFÍAS E FONDOS DOCUMENTAIS:

- Arquivo da Fundación Isla Couto.
- Páx. 5. Juan Nóvoa Rodríguez.
- Páx. 14. Pepe Álvez

DEPÓSITO LEGAL: VG 562-2022

EDITA: Fundación Isla Couto

Novembro de 2022



Limiar



Xaime Isla Couto (1915-2012)



Ramiro Isla Couto (1896-1987)

Este roteiro didáctico nace coa vocación de recuperar a estreita vinculación de Ramiro e Xaime Isla Couto con Santiago de Compostela.


En Compostela naceu Xaime Isla o 23 de outubro de 1915. E nela viviu e estudou Ramiro até que emigrou a Buenos Aires en 1911.

Malia as distancias, moitos dos principais acontecementos da súa vida aparecen ligados a Compostela e ás persoas, iniciativas políticas e culturais e institucións que atoparon hospitalidade e fogar na capital simbólica e política de Galicia.

Agardamos que este roteiro permita descubrir as pegadas compostelás dos irmáns Isla Couto no seu proxecto compartido de construír unha Galiza nova nunha Humanidade mellor.

Roteiro

1. Praza de San Miguel do Agros. Cuartel da Garda Civil.
2. Rúa dos Loureiros, 12. Casa familiar.
3. Rúa da Acibechería, 14. Casa de Lois Porteiro Garea.
4. Praza da Quintana. Mitin das Arengas.
5. Praza da Acibechería. Pazo Episcopal. Editorial SEPT.
6. Rúa de San Francisco. Facultade de Medicina. Roberto Nóvoa Santos e Chita Lamas.
7. Pazo de San Xerome. Escola Práctica Graduada.
8. Pazo de Raxoi. Estatuto de Autonomía de 1936.
9. Hostal dos Reis Católicos. Revista de Economía de Galicia.
10. Pazo de Xelmírez. Parlamento de Galicia.
11. Pazo de Fonseca. Seminario de Estudos Galegos.
12. Rúa de Fonseca, 11. Casa de Luís Seoane.
13. Rúa de Xelmírez, 15. Casa de Ramón Piñeiro.
14. Rúa do Vilar, 15. Ánxel Casal e a Editorial Nós.
15. Rúa do Vilar e Rúa Nova.
16. Rúa do Franco, 36-38. Casa de Xosé Mosquera, “O vello dos contos”.
17. Praza de Galicia. Hotel Compostela. Editorial Galaxia.
18. A Rosaleda. Casa de Domingo García-Sabell.
19. A Rosaleda. As xuntanzas de Galaxia.
20. Praza de Mazarelos. Instituto Xelmírez.
21. Praza da Universidade. Casa de Antonio López Ferreiro.
22. Praza da Universidade. Facultade de Filosofía e Letras.
23. Adro de San Domingos de Bonaval. Misa de Rosalía 1965.
24. Adro de San Domingos de Bonaval. Misa de Rosalía 1969.
25. San Domingos de Bonaval. Memorial Xoán XXIII.
26. Estación de ferrocarril de Cornes.



1. Praza de San Miguel dos Agros. Cuartel da Garda Civil



Vista de San Miguel dos Agros. Óleo de Villafinez © Juan Nóvoa

“Nacín en Santiago de Compostela nunha familia humilde con orixe campesiña. Meu pai naceu na casoupa máis pobre da aldea, ao pé do pazo de Oca, e miña nai en Arnois. Como xa non tiñan terras na aldea, meu pai tivo que dedicarse a unha serie de traballos para sacar adiante á familia. Por iso saíron da aldea para procurar traballo en Santiago de Compostela onde meu pai foi gardacivil.

Nacín na Casa Cuartel que estaba na Praciña de San Miguel dos Agros, fronte a San Martiño Pinario. Teño un cadriño do pintor Villafinez que reproduce o interior do cuartel. Lembro con agarimo a igrexa de San Miguel dos Agros, onde meu irmán Manolo facía de acólito e me levaba a tocar as campás sendo un cativo, cousa que me resultaba moi agradable. Cando meu pai se licenciou fomos vivir á Rúa dos Loureiros, 12. Preto da casa traballabamos unha leira onde tiñamos un cortello para o porco.”

Xaime Isla Couto

2. Rúa dos Loureiros, 12. Casa familiar



Familia Isla Couto, ca. 1908


“A miña era unha familia moi unida e alegre, como son estas familias no país. A aldea estaba presente connosco porque viñan os amigos e parentes da aldea. Tiñamos a pedra de facer as filloas e visitábanos un amigo do meu pai, o tío Perico, que viña nun cochiño cun cabalo, o que era un ledicia para nós. Era un vida, que recordada agora, era idílica con todas esas connotacións.

Cando marchamos para Vigo no ano 1923, o meu recordo de Santiago sempre era de días alegres, luminosos e con sol. Abofé que son os días menos frecuentes en Santiago! Pero de rapaz un idealiza e eu idealizaba Santiago desde os meus recordos. De feito, xa de estudante no Instituto fixen unha redacción na que afirmaba que Santiago era a mellor cidade do mundo, precisamente porque a tiña idealizada completamente no meu maxín de neno. E non me quitei desta idealización na redacción, aínda que xa contaba con 17 ou 18 anos, porque a aquela fantasía infantil se sumaba agora a idealización de Santiago de Compostela como capital de Galicia.”

Xaime Isla Couto



3. Rúa da Acibechería, 14. Casa de Lois Porteiro Garea



“Ramiro marchou a Arxentina con quince anos no 1911, cando eu aínda non nacera. Coñecino sendo un pequerrecho cando regresou en 1918 para facer o servizo militar en África. Antes de ser destinado á guerra en Marrocos, coñeceu en Compostela a Lois Porteiro Garea que falecería prematuramente en outubro de 1918.

O meu irmán, que participara nas Irmandades da Fala e asistira á Asemblea de Monforte de Lemos do 1922, levara a delegación de Risco -conselleiro supremo da Irmandade Nazonalista Galega- de fundar a devandita Irmandade en Bos Aires. E ao pouco, constituíu canda a Blanco Amor e outros a Irmandade Nazonalista Galega de Bos Aires e fundou a revista *Terra*, correspondente de *Nós* en Bos Aires e que se vendían conxuntamente.”

Xaime Isla Couto

4. Praza da Quintana. Mitin das Arengas




Mitin das Arengas, 25-VII-1934

O primeiro Día de Galicia celebrouse o 25 de xullo de 1920 a iniciativa das Irmandades da Fala. Tras da ditadura de Primo Rivera, a tradición recuperouse polo Partido Galeguista en 1934 e 1935.

O 25 de xullo de 1934, ás 11 da noite, celebrouse o primeiro Mitin das Arengas na Praza da Quintana, no que Ramiro Isla actuou como presentador. Tras as intervencións de Alexandre Bóveda, Plácido Castro, Manuel Gómez Román, Valentín Paz Andrade, Ramón Piñeiro, Castelao, Otero Pedrayo e Emilia Docet, a miss España galeguista, entre outros, formouse unha manifestación en dirección á estatua de Rosalía de Castro no paseo da Alameda onde se cantou o himno galego e se deron vivas á República e a Galicia.

5. Praza da Acibechería. Pazo Episcopal. Editorial SEPT



Programa da Editorial SEPT. 1965



Suplemento del Sábado, n. 9, 10-X-1949

“Na democracia cristiá nós arrancamos sendo moi poucos pero non tiñamos credibilidade no orde político no sector social que queriamos influír porque era un sector moi tributario das concepcións tradicionais, do integrismo e do nacionalismo español. Había minorías como as había na Igrexa en Galicia, unhas figuras excepcionais, únicas, contracorrente xa que a Igrexa actuou como un factor de desgaleguización.

Por iso creamos SEPT, que se pensou a semellanza de Galaxia, para afrontar esta loita e sensibilizar esta xente aproveitando o feito conciliar. Fixen o prospecto fundacional da empresa que llo entregamos a Fernando Quiroga Palacios que coñecía aos galeguista de Ourense. Cando veu para Santiago, fixemos un número extraordinario do Suplemento del Sábado de *La Noche* dedicado a el con traballos en galego e castelán. O noso obxectivo era forzar a galeguización da Igrexa.”

Xaime Isla Couto



6. Rúa de San Francisco. Facultade de Medicina. Roberto Nóvoa Santos e Chita Lamas



Chita Lamas, 1932

O 20 de abril de 1929, Ramiro Illa casaba en Buenos Aires con Chita Lamas Barreiro. Trece anos máis nova que Ramiro, as continuas xaquecas e as crises nerviosas provocaron a inqueda no matrimonio e a angustia e infelicidade de Chita. Na procura desesperada de remedios, consultaron diversos médicos até que Roberto Nóvoa Santos —publicista da inferioridade da muller con suposta base científica e con busto na escaleira principal da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela- a diagnosticou con crueldade.

Chita tiña unha “vida deshecha completamente”. E o remedio que lle prescribiu foi “fundir mi vida y rehacerla” xa que a “medicina tiene muy poca cosa ó nada que hacer”. Atormentada, Chita escribiu a Ramiro revelándolle a diagnose e solicitándolle unha separación temporal para encarrear a súa vida “por otro camino y que por este no solo voy perdida sino que también te arrastro a ti”. Pero o matrimonio seguiu adiante, exiliándose a causa da Guerra Civil en Portugal, Francia e México até o seu divorcio amigable a comezos da década de 1950.

7. Pazo de San Xerome. Escola Práctica Graduada



Xaime Isla en Compostela, ca. 1919

“De Santiago tamén conservo a memoria, aínda que escasa, do meu primeiro colexio. Era o colexio de párvulos en San Xerome, no actual edificio do Reitorado da Universidade de Santiago onde convivían a Escola Normal Superior de Mestres e a Escola Práctica Graduada da Normal Superior de Mestres, que se coñecía como a Normal ou a Anexa. Esta era dirixida por Luis Tobío Campos, curmán de Rosalía de Castro e pai do galeguista e diplomático Lois Tobío, con quen coincidín xa de universitario no Seminario de Estudos Galegos. O seu fillo Lois foi moi amigo do meu irmán Ramiro, xa que nos anos 50 traballaron na compañía farmacéutica Roche na súa filial sudamericana con sede en Montevideo.”

Xaime Isla Couto

En outubro de 1946, Xaime obtivo a cátedra de Dereito e Economía de Empresa na Escola Universitaria de Peritos Industriais de Vigo. En 2001 o reitor Darío Villanueva impúxolle a insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela nun acto solemne celebrado no Pazo de Fonseca.

8. Pazo de Raxoi. Estatuto de Autonomía de 1936




Portada deseñada por Camilo Díaz Baliño, 1932

“O levantamento do 36 foi para nós unha especie de machadazo. Porque nós, que tiñamos un entusiasmo vital, en relación coas xentes extraordinarias da Xeración Nós e dos irmáns novos desta xeración, os homes do Seminario de Estudos Galegos, onde convivían en irmandade uns e outros. Eu teño soñado moitas veces coas dúas xeiras do Seminario de Estudos Galegos ás que fun. Porque era un convivio alí de homes extraordinarios como Risco, Otero Pedrayo, Parga Pondal. Esa convivencia era unha esperanza espléndida como non coñezo eu ningún outro exemplo.

E logo veu o triunfo do Estatuto. Nós estabamos nunha idade en que íamos ser nós os que teríamos que asumir a posta en marcha do Estatuto xunto con aquelas xentes onde non había ruptura de ningunha clase. Eu remataba a carreira en Pontevedra aquel ano. Tiña que estar un ano de prácticas. E xa me eliminaron pola cousa política.”

Xaime Isla Couto

9. Hostal dos Reis Católicos. Revista de Economía de Galicia



“Desde Galaxia propuxémonos mentalizar e concienciar ao mundo económico de Galicia, empresarios e profesionais, porque aquí non había propiamente economistas. Por iso creamos a *Revista de Economía de Galicia* en 1958.

Queríamos mentalizar a ese mundo da economía real de Galicia o que era ben difícil porque a revista tivo poucos lectores. O proxecto da revista estivo cheo de dificultades, tanto para escribirla como para defendela economicamente, porque non había colaboracións suficientes. Aínda así aguantamos dez anos, até 1968, cando se creou a Facultade de Económicas de Santiago. Non obstante, foi unha empresa recoñecida e apreciada polo tipo de problemática rexional que abordaba.”

Xaime Isla Couto

10. Pazo de Xelmírez. Parlamento de Galicia



Constitución do Parlamento de Galicia. 9-XII-1981. © Pepe Álvez

“Pero moitos rapaces novos metéronse na intriga contra Piñeiro. É a mesma incompreensión cando Piñeiro aparece de candidato independente polos socialistas. Os dirixentes do PSOE e da UCD en Madrid decatáronse de que ía haber unha autonomía e un parlamento sen galeguistas e ofrecen levar galeguistas nas súas listas. Finalmente fallou a UCD neste ofrecemento.

Piñeiro nolo plantexou aos galeguistas que estabamos con el para ver se nos parecía ben ou non. Pareceunos ben. E todo isto utilizouse desde fóra para atacar a Piñeiro e a Galaxia.”

Xaime Isla Couto

11. Pazo de Fonseca. Seminario de Estudos Galegos



Xeira do Deza do Seminario de Estudos Galegos. Xuño de 1934

“Nós vivimos á par destas xentes, coma no Seminario de Estudos Galegos que representou unha experiencia extraordinaria. Lembro as dúas campañas nas que fun como alumno no ano 1935 e no 1936. Aqueles eran homes de diferentes facultades, especialidades e saberes pero dábase entre eles unha comunicación humana pola que suspiramos. Eu soñei moitas veces andando alá polas fronteiras, durante a guerra, con aquelas semanas que pasamos co Seminario percorrendo todo Lalín e toda Fisterra á par de D. Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas e o resto de compañeiros. Aquela foi unha experiencia que nos abriu un mundo. Porque con eles aprendemos que a política non se pode reducir á vida política partidista. Nestas experiencias había unha densidade humana onde estaba todo o home, desde a súa infraestrutura física e material até os valores e os símbolos que moven ao home na vida. E todo isto estaba representado no galeguismo.”

Xaime Isla Couto




12. Rúa de Fonseca, 2. Casa de Luís Seoane



Portada da edición francesa e castelán publicada en París en 1938

En 1938, o editor francés Jean Flory publicaba en París o libro *La Galice sous la botte de Franco*, e a Editorial España de París tiraba do prelo a versión en castelán *Lo que han hecho en Galicia. Episodios del terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han vivido*. Ambas as dúas edicións, unha denuncia das atrocidades do golpe de estado e da represión en Galicia. En Buenos Aires, o exiliado Luís Seoane publicou dúas versións en castelán: *Lo que han hecho en Galicia* e *Galicia mártir*, esta última atribuída a autoría a Hernán Quijano e publicada en 1949 pola descoñecida editorial Neos con láminas de Castelao. Atribúese a Luís Seoane e Manuel Domínguez Benavides a escrita do libro, pero Ramiro Illa actuou como informante anónimo do que aconteceu na zona de Vigo —que ocupa o 70 % do libro—, enviou a Buenos Aires listas de represores e, casualmente, desde setembro de 1938 estaba exiliado en Francia.

13. Rúa de Xelmírez, 15. Casa de Ramón Piñeiro



Paco del Riego, Ramón Piñeiro e Xaime Isla. Debuxo de Xaime Isla


“A angueira que alentaba nos homes entregados a este esforzo e a aquela empresa viña de longa data e a súa ollada moi posta no futuro. Eran homes de onte, de véspera e tamén de pasado mañá: de raíz e de utopía. Pero cos pés ben chantados na terra, na súa terra, grazas por riba de todo ao espírito clarividente e realista do primeiro entre eles, Ramón Piñeiro, exemplo insuperable dese óptimo espécime humano de Galicia, que é o campesiño dobrado de intelectual.”

“Nós situamos a Piñeiro en Santiago de Compostela porque estaban aparecendo mozos universitarios que non tiñan contacto co galeguismo. Logo, a famosa mesa camilla é o lugar onde acoden intelectuais, políticos, xentes de fóra de Galicia, etc. Decía Paco del Riego, que se Piñeiro nacera só para este labor, xa estaba a súa vida xustificada.”

Xaime Isla Couto




14. Rúa do Vilar, 15. Ánxel Casal e a Editorial Nós



Carta de Ánxel Casal a
Xaime Isla, 19-XII-1929

Separata de *Nós*. Boletín
mensual da cultura galega



“No Instituto creei con algúns compañeiros a Asociación Escolar de Iniciación Escolar que enviou a súa adhesión á Asemblea das Irmandades da Fala celebrada na Coruña o 27 de abril de 1930. Eu era o seu secretario xeral e creámola xa con ese carácter galeguista.

Daquela xa tiña unha relación forte con Ramiro, que lle enviara unha carta a Ánxel Casal, que tiña a Editorial Nós e onde colaboraba o pai de Isaac Díaz Pardo, Camilo Díaz Baliño, para que me mandase todos os libros que publicase Nós. Ramiro enviábame tamén *A Nosa Terra* e por iso eu tiña nese momento contacto con Casal e coas Irmandades da Fala. Por esas datas, lembro que veu Blanco Amor de América e Ramiro escribíume avisando que viña e en que hotel ía estar. Blanco Amor entregoume o texto dunha conferencia cunha adicatoria: “Ó nacionalista máis noviño de Galicia”.

Xaime Isla Couto

15. Rúa do Vilar e Rúa Nova




Xaime Isla e Ramón Piñeiro na Rúa do Vilar, ca. 1960

“Nin desalento, nin fuxida á torre de marfil. A sabedoría política de Ramón Piñeiro, reconecida por todos os líderes da oposición democrática, o seu lúcido e fondo entusiasmo e un espírito de sacrificio tan fecundo como austero, decidírono a deixalo todo para se dedicar integramente ao impulso desde Compostela da nova etapa do galeguismo. Algúns dos que compartiamos con el o proxecto dixo daquela, e con acerto profético, que esa decisión xustificaba xa por si a creación de Galaxia.”

Xaime Isla Couto



16. Rúa do Franco, 36-38. Casa de Xosé Mosquera, “O vello dos contos”



“Aproveitamos a Misa de Rosalía que organizaba o grupo de *Deus fratresque Gallaeciae* en Santiago de Compostela que era un grupo de galeguistas católicos que editaran a revista *Logos*. A esta misa iamos todos os anos os galeguistas, sendo a principal concentración e manifestación galeguista.

A Misa de Rosalía tiña un valor simbólico reconecido porque moita xente que non ía en todo o ano a misa, asistía á mesma. Foi notable como foi crescendo a concentración de xentes, moi lentamente primeiro e moito máis rapidamente despois. Lembro unhas notas da policía sobre a Misa de Rosalía na que sinalaban que o único notable da misa era que a homilía era en galego, xa que o resto da misa se celebraba en latín. Pero un ano veu un crego que fixo a homilía en castelán, e eu collín a Otero Pedrayo e pedinlle que falase á saída da misa. Cousa que fixo.”

Xaime Isla Couto

17. Praza de Galicia. Hotel Compostela. Editorial Galaxia




Asemblea constitutiva da Editorial Galaxia, 25-VII-1950

“Galaxia foi fundada en 1950, o día do Apóstolo trala celebración da Misa de Rosalía que daquela era pola mañá. E aproveitamos que viñeran uns amigos galeguistas de América, Xosé Benito Abreira e súa muller Mercedes, e Abelardo Estévez.


Aínda que a escritura de constitución ten data de 3 de novembro de 1950, a data de fundación foi o 25 de xullo de 1950 nos baixos do Hotel Compostela. Tardamos un tempo en difundilo publicamente. O prospecto de fundación redacteino eu no ano 1949 pero non foi algo que se creara da noite para o día. A súa orixe está anos atrás, cando estamos a reorganizar o galeguismo político. Galaxia, logo, era a cobertura instrumental do galeguismo.”

Xaime Isla Couto

18. A Rosaleda. Casa de Domingo García-Sabell



Xulio Cuns, Xosé L. Méndez Ferrín,
Manuel María, Xosé L. Franco Grande e
Ramón Lorenzo. 25-VII-1957



Do sulco de Xohana Torres, 1957

“Tamén nos propuxemos entregarlle ás xeracións novas, nadas xa despois da guerra, un vehículo editorial onde puidesen dar a coñecer os seus escritos, que foi a colección Illa Nova. Nun acto celebrado na casa de Domingo García-Sabell, no ano 1957, fixemos entrega simbólica da colección, no transcurso do cal falou Xaime Isla —en realidade a colección estaba fortemente vinculada ao matrimonio Illa-Nóvoa-, para invitar os mozos a facer un esforzo a favor do país.

O primeiro libro que se publicou foi *Vieiro choído* de Franco Grande e, pouco despois, *Do sulco*, de Xohana Torres. Na nova colección daríanse a coñecer máis adiante escritores que co tempo chegarían a consolidarse como figuras relevantes das nosas letras, como foron os casos de X. L. Méndez Ferrín, Camilo G. Suárez-Llanos, Neira Vilas ou Carlos Casares.”

Ramón Piñeiro

19. A Rosaleda. As xuntanzas de Galaxia




O equipo da Editorial Galaxia por Xohán Ledo

“Na cas de García Sabell, arredor da mesa, preto dos seus libros, da súa discoteca, síntese un no fogar familiar. Tantas veces estivo aquí D. Ramón Otero Pedrayo. Estiven tamén eu con el, cos rapaces novos que aprenderon a amar Galicia fóra dos textos da Universidade, fóra dos xornais, fóra do ambiente oficial, presentíndoa no aire, nas feiras da Ferradura, nas súas vacacións da aldea, na súa alma, no fondal da súa alma máis ben.

Hoxe rematarei en Vigo, antes de saír cara unha das labouras abafantes do despacho. Fiquei liberado e estiven o serán no tren con Cris, de viaxe na compañía de Paco del Riego e a súa dona Evelina, e logo, na conversa con Piñeiro, con Domingo, feliz. Primeiro, denantes da cea, fixemos o noso repaso de conciencia. As nosas cousas. Sentimos desacougo das fallas que temos de superar a présa; devecemos polas nosas responsabilidades nesta hora galega. Paco fixo relatorio das súas relacións todas con América. Domingo e Ramón sereos, profundos, da nosa vida cultural. Eu de Galaxia, da nosa cultura, dos nosos libros, da nosa xentes.”

Xaime Isla Couto

20. Praza de Mazarelos. Instituto Xelmírez



Ramiro Isla Couto, 1919


“Ramiro era un bo estudante pero, ao emigrar moi novo, tivo que aforcar uns estudos brillantes de bacharelato. Tiña unha vocación intelectual grande e proxectou sobre min todo o que el tivese degoirado ser. Nunha carta de 13 de setembro de 1928 escribiume:

“A túa idea de estudar o bachiller e logo Filosofía e Letras si fose miña non acertabas tan ben. É a carreira pola que sinto vocación e sentín sempre. Non podendo faguelo eu, pensei moitas veces en ti, e olla por donde vas a darme polo pau.”

Xaime Isla Couto



21. Praza da Universidade. Casa de Antonio López Ferreiro




“Nacín no galeguismo porque na miña época os rapaces non podían falar galego porque estaba mal visto. Estábamos subscritos a un xornal [*El Correo de Galicia*], en Compostela onde viviamos, que regalou aos subscritores unha novela, *O niño de pombas*, de López Ferreiro. Púxenme a lela e fíxome moita gracia.

A min no me prohibían falar en galego pero dicían que os que o falaban eran os rillotes. Había un rapaz veciño que cando pasaban os pais e estaba comigo saía disparado. E á miña pregunta de por que fuxía, dicíame “e que os meus pais non queren que ande contigo; porque, porque falas galego.”

Ramiro Isla Couto

22. Praza da Universidade. Facultade de Filosofía e Letras



“Eu estaba impresionado polo filósofo alemán Karl Jaspers. Rematara de ler *Ambiente espiritual do noso tempo* e nese libro el falaba da realización no fracaso. Para min foi unha consigna. Lembro que lle dixera a Dónega, cando nos encontráramos contra o final da guerra: “Nós témonos que realizar no fracaso. En Europa e en Alemaña está poderoso o fascismo. En España nós iniciámonos nunha nova situación. O galeguismo fracasou pero a historia será a que diga se isto é un fracaso definitivo ou non. Cristo foi o grande fracasado da historia pero sigue aí in vivo fronte aos que xustificaron e posibilitaron naquel momento o seu fracaso. Pero nós temos que facer unha análise e estudar se o galeguismo casa ou non en relación coa marcha do mundo e do país e coas súas necesidades. Logo, temos que asumir a responsabilidade que representa darlle continuidade a isto”.

Dónega encontrouse de vez con Del Riego. E cando rematou a guerra citeime con Del Riego en Madrid. Encontrámonos no café Granja El Henar. Paco veu correndo contra min e, moi impulsivo espetoume: “Dónega díxome que estabas moi optimista. Pero optimista de qué, coño!”.

Xaime Isla Couto

23. Adro de San Domingos de Bonaval. Misa de Rosalía 1965



Misa de Rosalía, 1956. Entre os asistentes Xaime e Ramiro Isla que chegara de Venezuela a pasar o verán en Galicia

“Xa é tradicional que o día 25 de xulio se diga unha Misa en memoria de Rosalía de Castro na eirexa compostelana de Santo Domingo de Bonaval, na que os seus restos repousan. Recibe o nome popular de “Misa de Rosalía” i a ela acuden anualmente moitos devotos rosaliáns procedentes de toda Galicia, e tamén, cada ano en maior número, das colonias galegas da emigración, especialmente das residentes en América.

Neste Ano Santo de 1965, a “Misa de Rosalía” acadou un significado verdadeiramente histórico: foi a primeira Misa dita en galego. Con ela iniciouse a incorporación da nosa língoa vernácula á liturxia. Xusto, noble e delicado homenaxe que a Eirexa galega lle ofreceu á memoria de Rosalía, que foi a primeira, hai cen anos, en darlle acento poético de rango universal ás arelas i ás mágoas do noso pobo na língoa do noso pobo.”

Xaime Isla Couto

24. Adro de San Domingos de Bonaval. Misa de Rosalía 1969



Intre da detención de Xaime Isla Couto. 25-VII-1969

“Eu tiña amigos na Nova Cançó Catalana e falei con Basilio Losada porque pensei que tamén na Galiza necesitabamos iso. Atopamos un cantante catalán que estaba disposto a cantar en galego. Entón decidimos mandar os textos, entre eles, a canción de Joan Baez, “Venceremos nós”, que, por certo, Méndez Ferrín se negou a traducir porque non lle pareceu suficientemente revolucionaria. Despois dinlla a Xohana Torres e a Franco Grande, que traballaba no meu despacho. Franco, con Beiras ao piano, foi elaborando a canción.

A fin dos sesenta [1969], cando estabamos na misa de Rosalía no día de Galiza a UPG convocara unha manifestación. Viñeron pola tarde até alí a provocar. Eu mirei para Ferrín cantando “Venceremos nós” porque ademais aquel ano conseguimos que o coro interpretase por vez primeira o himno galego. Cantei forte e mirei para Ferrín dicíndolle cos ollos que, por el, non teríamos aquel tema musical na nosa lingua. A policía deunos vergallazos pero eu decidín continuar cantando!”.

Xaime Isla Couto

25. San Domingos de Bonaval. Memorial Xoán XXIII



Xaime Isla Couto e Xerardo Fernández Albor, 26-IX-1986

En 1986 o Institut Víctor Seix de Polemologia concedeu a Xaime o memorial Xoán XXIII pola “súa extensa e profunda acción de defensa dos dereitos humanos, especialmente vinculada á sociedade galega, creador cunha mentalidade cristiá renovadora e de diversas iniciativas culturais, políticas, económicas e editoriais”. A entrega do memorial celebrouse o 26 de setembro na capela maior da igrexa de San Domingos de Bonaval cun acto relixioso ao que acode o seu amigo, Xerardo Fernández Albor, presidente da Xunta de Galicia.

Uns meses antes, o 28 de xuño, Xerardo Fernández Albor entregara a Medalla Castelao a Ramiro Isla nun solemne acto no salón de plenos do Concello de Lugo, co gallo da conmemoración do 50 aniversario da aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía do 36.

26. Estación de ferrocarril de Cornes



Xaime Isla Couto, ca. 1927

“Cando tiña sete anos fomos vivir para Vigo. Teño apuntado nunha axendiña o día exacto: foi o 10 de outubro de 1923, a piques de cumprir eu oito anos. Trasladámonos porque meu pai tiña un traballo en Vigo. Ademais, meus pais eran da idea de que era mellor vivir nunha cidade como Vigo, que representaba daquela a modernidade. Eramos nove fillos e Vigo ofrecía, logo, máis posibilidades de colocalos. O meu pai fora gardacivil e xubilárase. Antes de marchar toda a familia el xa estivera en Vigo, onde atopou este traballo. En Vigo vivía a súa irmá maior, Ana, a miña madriña,. Por iso nos veráns tiñamos o costume de ir a Vigo para os baños de mar na praia.

Recordo a viaxe que fixemos nun tren pola noite. Levabamos os mobles e todas as cousas da casa. En Vigo paramos no barrio de Casablanca, por riba da estación de ferrocarril, nunha casa que era precisamente a Casa Branca que deu nome a todo ese barrio.”

Xaime Isla Couto

Para saber máis:

Álbum de Galicia: entradas biográficas en liña

- [Ramiro Illa Couto](#)
- [Xaime Isla Couto](#)
- [Chita Lamas Barreiro](#)

Vídeos

- [Centenario de Xaime Isla Couto. Vídeo biográfico](#)
- [Entrevista a Xaime Isla Couto. Vídeo.](#)

Exposición

- Fundación Isla Couto (2015). [Exposición Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia. Paneis.](#) Comisariada por Xosé L. Pastoriza Rozas con deseño de David de la Iglesia.

Unidade didáctica sobre Xaime Isla Couto

- Pastoriza Rozas, Xosé L. (2017). [Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia Exposición. Unidade didáctica.](#) Vigo: Fundación Isla Couto.

Bibliografía

- Agís Villaverde, Marcelino (2019a). [Xaime Isla Couto: entre o Galiza Ceibe e o Venceremos Nós. Os feitos acaecidos na Misa de Rosalía 1969.](#) Vigo: Fundación Isla Couto, SEPT.
- Franco Grande, Xosé Luís (2013). [Xaime Isla Couto](#). *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 374, pp. 497-500.
- Isla Couto, Xaime (2015). «A miña familia». En Xosé L. Pastoriza Rozas (Ed.). *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto, Galaxia, pp. 115-116.
- Isla Couto, Xaime (2015). «O meu irmán Ramiro». En Xosé L. Pastoriza Rozas (Ed.). *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto, Galaxia, pp. 117-120.
- Marco, Aurora (2020). «Inmaculada Concepción Lamas Barreiro». En *Irmandiñas*. Santiago de Compostela: Laiovento, pp. 269-277
- Martínez Cobas, Xavier (2015). [Xaime Isla e a economía galega](#). *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 376, pp. 459-463.
- Pastoriza Rozas, X. L. (2015). [Repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia. Cronobiografía](#). En Xosé L. Pastoriza Rozas (Ed.). *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto, Galaxia, pp. 13-103.
- Pastoriza Rozas, Xosé L. (2017). [Ramiro Isla Couto: pioneiro do nacionalismo alén mar](#). En Justo Beramendi, Uxío-Breogán Diéguez, Carme Fernández, María Pilar García Negro e Xosé Manuel González Reboredo (Coords.). *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Museo do Pobo Galego, pp. 309-324.
- Pastoriza Rozas, Xosé L. (2022). [Galeguismo, humanismo e desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto.](#) Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pastoriza Rozas, Xosé L. e Agís Villaverde, M. (Eds). (2022). *Xaime Isla Couto. Repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto.
- VV.AA. (1996). [Homenaxe a Xaime Isla Couto](#). Vigo: Galaxia
- VV.AA. (2015). Monográfico “Xaime Isla Couto. Construír Galicia”. *Grial. Revista galega de cultura*, núm. 207.